

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 27 DE XANEIRO DE 2020.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a M^a Guadalupe Pombo Carril
D. Diego Antonio Taibo Monelos
D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta M^a Iglesias Becerra
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Yessica Méndez Sánchez

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar M^a Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e dous minutos do día vinte e sete de xaneiro do ano dous mil vinte, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde-presidente, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D.^a M^a Guadalupe Pombo Carril, D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta M^a Iglesias Becerra, D. Carlos Liñares Gestal e D.^a Yessica Méndez Sánchez.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar M^a Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 20 DE XANEIRO DE 2020.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte de xaneiro de dous mil vinte, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 20 de xaneiro de 2020.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Orde do 26 de decembro de 2019, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento IN519B). DOG núm. 13 do 21-01-2020.
- Orde do 26 de decembro de 2019, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións destinadas ao reforzo e extensión das redes de distribución eléctrica que dan servizo aos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento IN519D). DOG núm. 13 do 21-01-2020.
- Orde do 26 de decembro de 2019, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións destinadas á creación de viveiros industriais de empresas en parques empresariais da

Código do documento	Código do expediente
USG14I003C	USG/2020/18
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1W1H 584I 6E4K 4P4I 0WU6	

Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento IN541A). DOG núm. 13 do 21-01-2020.

- Orde do 27 de decembro de 2019, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento TR353B). DOG núm. 13 do 21-01-2020.
- Resolución do 18 de decembro de 2019, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións para proxectos de rehabilitación e reforma de mercados municipais de venda de produtos agroalimentarios, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se anuncia a convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento MR712A). DOG núm. 13 do 21-01-2020.
- Orde do 10 de decembro de 2019, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás entidades colaboradoras da Rede Eusumo para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social, e se convocan para os anos 2020 e 2021 (código de procedemento TR811A). DOG núm. 14 do 22-01-2020.
- Orde do 17 de decembro de 2019, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2020 (código de procedemento TR331A). DOG núm. 14 do 22-01-2020.
- Orde do 27 de decembro de 2019, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento TR353A). DOG núm. 14 do 22-01-2020.
- Orde do 19 de decembro de 2019, da Consellería de Política Social, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento BS700A). DOG núm. 16 do 24-01-2020.
- Resolución do 17 de xaneiro de 2020, da Deputación Provincial da Coruña -Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego-, pola que se aproban as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto do persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2020. BOP núm. 13 do 21-01-2020.
- Resolución do 17 de xaneiro de 2020, da Deputación Provincial da Coruña -Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes -Sección de Servizos Sociais-, pola que se dispón a avocación da competencia para a aprobación das bases do programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2020 e a aprobación das ditas bases. BOP núm. 13 do 21-01-2020.

C.I.F. P-1503100-H

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións emitidas pola Concellería delegada da Área de Política social, mocidade e promoción do deporte:

“

***TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de dicembre de 2014)**

2 de 5

Código do documento	Código do expediente
USG14I003C	USG/2020/18
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 1W1H 584I 6E4K 4P4I 0WU6	

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
15/01/2020	25	Concesión tarxeta estacionamiento para personas con discapacidade	A.S.B.	10 anos

2.2.2.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da Concellería delegada da Área de Desenvolvemento local, cultura, festas e turismo:

“ACTIVIDADES CULTURAIS

MÉRCORES 29 DE XANEIRO

Auditorio do Conservatorio de Música de Culleredo. 19.00 h:

VI edición de *Batutas e Bastóns*, que contará coa presenza do mestre Josep Pons, director da Orquestra Sinfónica do Gran Teatro do Liceo de Barcelona, e de Roberto Tojeiro, presidente de GADISA. Presentados polo director do Conservatorio, Marcos Seoane. Organiza a ANPA do Conservatorio. Entrada libre.”

2.2.3.- O Sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellería delegada da Área de Medio ambiente, obras e servizos:

C.I.F. P-1503100-H

- Resolución núm. 1 de data do 03/01/2020, pola que se concede a licenza municipal núm. 430 de pasaxe permanente para o local situado na Avda. de Fonteculler, núm. 8 – baixo 4, a RIMIGRAF, SL.
- Resolución núm. 26 de data do 15/01/2020, pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento para a actividade de perruquería e outros tratamentos de beleza, no local situado na R/ Celso Emilio Ferreiro, núm. 1 – baixo.
- Resolución núm. 27 de data do 16/01/2020, pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, SA dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización de LMT, CT, RBT no lugar de Sésamo.
- Resolución núm. 28 de data do 16/01/2020, pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, SA dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización de provisión de servizo en B. T. no lugar de Vinxeira Grande núm. 6, parroquia de Celas.
- Resolución núm. 29 de data do 16/01/2020, pola que se autoriza o uso especial por R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, SA dos terreos de dominio público municipal afectados para a retirada de cabinas – seta situadas na Praza Europa e na Avda. da Coruña, núm. 32, da parroquia do Burgo.
- Resolución núm. 30 de data do 16/01/2020, pola que se autoriza o uso especial por NEDGIA GALICIA, SA dos terreos de dominio público municipal afectados para a acometida de gas natural canalizado na R/. Andrés Pan Vieiro, núm. 12-20, parroquia do Burgo.
- Resolución núm. 31 de data do 16/01/2020, pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento para a actividade de outra educación n.c.o.p., no local situado na Avda. de Vilaboa, núm. 233 – baixo.

Código do documento	Código do expediente
USG14I003C	USG/2020/18
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1W1H 584I 6E4K 4P4I 0WU6	

- Resolución núm. 32 de data do 16/01/2020, pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento para a actividade de servizos sociais sen aloxamento para persoas con discapacidade, no local situado na R/ Irmáns Suárez Ferrín, núm. 3 – locais A e B, da parroquia de Rutis.
- Resolución núm. 33 de data do 16/01/2020, pola que se outorga a licenza municipal núm. 151 para a posesión de animais potencialmente perigosos, a D. F. J. C. C.
- Resolución núm. 34 de data do 16/01/2020, pola que se rexistra o animal potencialmente perigoso co número 133, de especie canina e raza American Pitbull Terrier, e núm. de microchip 941000023876799.
- Resolución núm. 40 de data do 17/01/2020, pola que se resolve que non procede conceder a licenza municipal para pasaxe para o local situado na R/. dos Dereitos Humanos, núm. 5, baixo B, da parroquia de Rutis por non reunir as condicións estipuladas na Ordenanza xeral municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, no seu apartado a).
- Resolución núm. 41 de data do 17/01/2020, pola la que se aproba o Plan de seguridade e saúde da obra "Acondicionamiento polideportiva descubierta de la plaza Europa", redactado en datado 31/10/2019 polo técnico superior de riscos laborais, D. P. M. G.
- Resolución núm. 42 de data do 17/01/2020, pola que se resolve que non procede dar de baixa a licenza municipal de pasaxe núm. 403, situada na R/. Visitación de la Encina núm. 6, e pola que se concede unha redución da reserva de espazo para a entrada e saída á 3 ml.
- Resolución núm. 43 de data do 17/01/2020, pola que se outorga a licenza municipal núm. 152 para a posesión de animais potencialmente perigosos a D.^a M. L. V. M.

C.I.F. P-1503100-H

2.2.4.- O Sr. Taibo Monelos dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e comunicacións previas de obras e aperturas da Concellería delegada da Área de Urbanismo:

"RESOLUCIÓN DO 16.12.2019

Resolución núm. 2085.- Concedendo a D. J.T.B. licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar no Lugar de Peiro de Abaixo, parroquia de Veiga (exp. UAU/2019/305).

Resolución núm. 2086.- Concedendo a Bugallo Ponte, S.L. licenza para a modificado do proxecto de execución de nave na Avda. de Alvedro, parroquia de Almeiras (exp. UAU/2016/256).

RESOLUCIÓN DO 16.01.2020

Resolución núm. 35.- Concedendo a A.G.Q. e N.R.P. a licenza municipal de obras para a construción dunha vivivenda unifamiliar, situada no lugar de Celas de Peiro, parroquia de Celas, (exp. UAU/2013/551).

Resolución núm. 36.- Concedendo a G.C.S. e S.R.N. a licenza municipal de obras para o reformado de proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar e peche da parcela en Peiro de Arriba (exp. UAU/2019/650).

COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E APERTURAS

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 03 de decembro de 2019, a comunicación previa presentada por CARTESON, S.L., para a reparación de cuberta en nave industrial situada na Rúa Rudolf Diesel, s/n. no Centro Loxístico de Transporte de Ledoño, (exp. UAU/2018/172).

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

Código do documento	Código do expediente
USG14I003C	USG/2020/18
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1W1H 584I 6E4K 4P4I 0WU6	

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe
O alcalde-presidente
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H